

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO (NOF)

O Alumnado

- 1.1 Dereitos
(Real Decreto 732/1995 do 5 de maio - BOE 2/6/1995 - Título II)
 - 1.1.a. Xunta de Delegados
(Decreto 324/1996 do 26 de xullo - DOGA 9/8/1996 - Título V)
- 1.2 Deberes
(Real Decreto 732/1995 do 5 de maio - BOE 2/6/1995 - Título III)
- 1.3 Faltas
- 1.4 Sancións
- 1.5 Consideracións a ter en conta
(Real Decreto 732/1995 do 5 de maio - BOE 2/6/1995 - Artículo 45)
- 1.6 Disposicións finais

Introducción:

Na educación transmítense e exercítanse os valores que fan posible a vida en sociedade e adquírense os hábitos de convivencia e respecto mutuo. Por elo a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio de tolerancia de liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia é, de acordo co artigo 1 da Lei Orgánica 1/1990 do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do sistema educativo un dos fins primordiais que debe perseguir o sistema educativo. Á consecución deste fin deben contribuír non só os contidos formativos transmitidos en cada unha das etapas do sistema educativo senón tamén, e moi especialmente, o réxime de convivencia establecido no centro.

As normas de convivencia do Centro deben de propiciar o clima de responsabilidade, de traballo e de esforzo que permita que tódolos alumnos obteñan os mellores resultados do proceso educativo e adquiran os hábitos e actitudes recollidas na lei orgánica de ordenación xeral do sistema educativo.

É necesario que o alumno perciba que as normas de convivencia non son alleas ó Centro, senón que foron elaboradas e adoptadas polo consenso da comunidade educativa.

Na definición e esixencia dos deberes, é preciso ter en conta que o obxectivo último que debe perseguirse é alcanzar, coa colaboración de tódolos sectores da comunidade educativa un marco de convivencia e autoresponsabilidade que faga practicamente innecesaria a adopción de medidas disciplinarias. En calquera caso, cando estas resulten inevitables, as correccións deberán ter un carácter educativo e deberán contribuír ó proceso xeral de formación e recuperación do alumno.

O ALUMNADO

1.1 Dereitos

1. Recoñecer e respectar os dereitos de tódolos membros da comunidade educativa.
2. Recibir unha formación integral e coeducativa, respecto á identidade, integridade e dignidade persoal, protección contra toda agresión física e moral, participación no proceso educativo e na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos.
3. Xornada de traballo escolar acomodada a súa idade e unha planificación equilibrada das súas actividades de estudo.
4. A disfrutar das mesmas oportunidades de acceso ós distintos niveis de ensino. Isto promoverase mediante:
 - a) A non discriminación por razón de nacemento; raza; sexo; capacidade económica; nivel social; convencións políticas, morais ou relixiosas, así como polas discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social
 - b) O establecemento de medidas compensatorias que garanticen a igualdade real e efectiva de oportunidades
 - c) A realización de políticas educativas de integración e de educación especial.
5. Á avaliación obxectiva do seu rendemento escolar.
6. A manter unha comunicación fluída con estes e os seus pais no relativo ás valoracións sobre o aproveitamento académico dos alumnos e a marcha do seu proceso de aprendizaxe, así como acerca das decisións que se adopten como resultado de dito proceso.
7. A reclamar as decisións e calificacións que, como resultado do proceso de avaliación, se adopten ó finalizar un ciclo ou curso, dentro dos prazos estipulados.

8. A recibir orientación escolar e profesional para conseguir o máximo desenvolvemento persoal, social e profesional, segundo as súas capacidades, aspiracións ou intereses e excluindo toda diferenciación por razón de sexo.
9. A que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
10. A que se respecte a súa liberdade de conciencia, as súas conviccións relixiosas, morais ou ideolóxicas, así como a súa intimidade no que respecta a tales crenzas ou conviccións. Todo iso garantirase mediante:
 - a) A información, antes de formalizar a matrícula, sobre o proxecto educativo e sobre o carácter propio do centro.
 - b) O fomento da capacidade e actitude crítica dos alumnos que posibilite ós mesmos a realización de opcións de conciencia en liberdade.
 - c) A elección por parte dos alumnos ou dos seus pais ou titores, si estes son menores de idade, da formación relixiosa ou moral que resulte acorde coas súas crenzas ou conviccións, sen que desta elección poida derivarse discriminación algunha.
11. A que se respecte a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal, no podendo ser obxecto, en ningún caso, de tratos vexatorios ou degradantes.
12. A que toda aquela información de que dispoña o Centro acerca das circunstancias persoais e familiares do alumno sexa reservada. Non obstante, o Colexio comunicará á autoridade competente as circunstancias que poidan implicar malos tratos para o alumno ou calquera outro incumprimento dos deberes establecidos polas leis de protección dos menores.
13. A participar no funcionamento e na vida do Colexio, na actividade escolar e na xestión dos mesmos.
14. A elixir, mediante sufraxio directo e secreto, os seus representantes no Consello Escolar e ós delegados e subdelegados de grupo.
15. A ser informados polos membros da Xunta de delegados e polos representantes das asociacións de alumnos tanto nas cuestións propias

do seu centro como das que afecten a outros centros docentes e ó sistema educativo en xeral.

16. Á liberdade de expresión sen perxucio dos dereitos de tódolos membros da comunidade educativa e tendo en conta o respecto que merecen as institucións de acordo cós principios e dereitos constitucionais.
17. A manifestar a súa discrepancia respecto ás decisións educativas que lles afecten cando a discrepancia revista carácter colectivo, a mesma será canalizada a través dos representantes dos alumnos na forma establecida na normativa vixente.
18. A reunirse nos seus centros docentes para actividades de carácter escolar ou extraescolar que formen parte do proxecto educativo do centro.
19. A utilizar as instalacións do Centro coas limitacións derivadas da programación de actividades escolares e extraescolares e coas precaucións necesarias en relación coa seguridade das persoas, a adecuada conservación dos recursos e o correcto destino dos mesmos.
20. A participar, en calidade de voluntarios, nas actividades do centro docente.
21. En casos de accidente ou de enfermidade prolongada, os alumnos terán dereito a axuda precisa, xa sexa a través da orientación requirida, material didáctico e as axudas necesarias, para que o accidente ou enfermidade non supoña detrimento do seu rendemento escolar.

Cando non respecten os dereitos dos alumnos, ou cando calquera membro da comunidade educativa impida o efectivo exercicio de ditos dereitos, o órgano competente do centro adoptará as medidas que procedan conforme ó disposto na lexislación vixente, previa audiencia dos interesados e consulta, en seu caso, ó Consello Escolar do centro.

1.1.a. XUNTA DE DELEGADOS DE ALUMNOS

Delegados

1. Todos os grupos de alumnos de E.S.O. elixirán no primeiro mes do curso por sufraxio directo, secreto e non delegable, o seu delegado/a que formará parte da Xunta de Delegados. Elixirase tamén un Subdelegad@, que substituirá ó Delegado@ no caso de ausencia ou enfermidade e apoiarao nas súas funcións.
2. As eleccións de Delegados e Subdelegados, serán convocados pola Xefatura de Estudos, e organizadas por ésta en colaboración cos titores dos grupos e os representantes dos alumnos/as no Consello Escolar.
3. A designación dos Delegados, Subdelegados e Delegado Presidente da Xunta de Delegados, poderá ser revocada, logo do informe razoado dirixido ó titor/a pola maioría absoluta dos alumnos do grupo que os elixiron. Neste caso procederase a convocatoria de novas eleccións nun prazo de quince días e de acordo co establecido no apartado anterior.
4. As competencias dos Delegados de clase son:
 - a) Asistir ás reunións da Xunta de Delegados e participar nas súas deliberacións.
 - b) Exponer á Xunta Directiva do centro as suxestións e reclamacións do grupo que representan.
 - c) Fomenta-la convivencia entre os alumno/as da súa clase.
 - d) Colaborar cos profesores e co equipo directivo para o bo funcionamento do centro.
 - e) Coidar da adecuada utilización do material e das instalacións do centro.

Xunta de Delegados

1. A Xunta de Delegados estará constituída polos Delegados e Subdelegados de grupos e polos Representantes dos alumnos no Consello Escolar.

O Presidente da Xunta de Delegados será elixido pola Xunta entre un dos seus membros.

O Xefe/a de Estudos facilitará á Xunta de Delegados de alumnos un espacio adecuado para que poida celebrar as súas reunións, e os medios e material suficiente para o seu funcionamento.

A xunta de Delegados de alumnos reunirse en sesión ordinaria unha vez por trimestre e sempre que convoque o seu presidente ou o soliciten un tercio dos seus membros. Neste último caso, o presidente realizará a convocatoria no prazo de 20 días hábiles contados dende o seguinte a aquel no que se presente a petición. A sesión celebrárase no prazo dun mes contado dende o día seguinte á entrega da petición da convocatoria.

2. As funcións da Xunta de Delegados son:

- a) Elevar ó equipo directivo propostas para a elaboración do proxecto educativo do Centro por iniciativa propia ou por petición daquel.
- b) Informar ós representantes dos alumnos no Consello Escolar dos problemas de cada grupo.
- c) Recibir información dos representantes dos alumnos/as no Consello Escolar sobre os temas tratados nel, e das confederacións, federacións estudiantís e organizacións xuvenís legalmente constituídas.
- d) Elaborar informes para o Consello Escolar por iniciativa propia o por petición deste órgano.
- e) Elaborar propostas de modificación do Regulamento de Réxime Interno, en materias que lles afecten.
- f) Informar ós alumnos do Centro das actividades da Xunta de Delegados.
- g) Formular proposta ó Xefe/a de Estudos para a elaboración de horarios e ó Xefe/a do Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares para a organización das mesmas.
- h) Debate-los asuntos que vaia tratar o Consello Escolar no ámbito da súa competencia e elevar propostas de resolución ós seus representantes no Consello Escolar.

Presidente da Xunta de Delegados.

1. O presidente da Xunta de Delegados será designado/a por maioría simple entre os membros da Xunta.
2. As competencias do Presidente son:
 - a) Convoca-las reunións da Xunta.
 - b) Presidir e coordinar as reunións que se celebren.
 - c) Ordena-lo levantamento da acta das sesións.
 - d) Facer chega-las propostas da Xunta de Delegados ós distintos órganos de Dirección ou de Coordinación Didáctica do Centro.

1.2 Deberes

1. O estudo, un deber básico dos alumnos e concrétase nas seguintes obrigas:

- a) Asistir a clase con puntualidade e participar nas actividades orientadas ó desenvolvemento dos plans de estudo.
- b) Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do centro.
- c) Seguir as orientacións do profesorado respecto do seu aprendizaxe e mostrarlle o debido respecto e consideración.
- d) Respectar o exercicio do dereito ó estudo dos seus compañeiros. Os actos que dificulten ou impidan este dereito poden ter a consideración de faltas e seren sancionados.

2. Respectar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros de la comunidade educativa.

3. Non discriminar a ningún membro da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo ou por calquera outra circunstancia persoal ou social.

4. Respectar o proxecto educativo e o carácter propio do centro.

5. Coidar e empregar correctamente os bens mobles e as instalacións do centro e respectar as pertenzas dos outros membros da comunidade educativa.

6. Participar na vida e funcionamento do centro.

7. Asistir ó Colexio correctamente uniformado.

8. Normas de funcionamento por ciclos: estarán recollidas no plan do centro e expostas en cada clase. Serán comentadas polo titor/a ó comezo do curso co fin de poñelas en coñecemento de todos os alumnos.

9. Unha vez aberto o portalón, os alumnos deberán entrar no recinto escolar. Non está permitido permanecer nas inmediacións do mesmo.

10. Nas saídas educativas, excursións, inmediacións do centro así como no comedor e no uso do transporte, os alumnos deberán manter as normas de comportamento establecidas polo centro.

11. Nas actividades deportivas organizadas polo centro os alumnos, delegados e pais deben respectar as normas do colexio e observar unha conducta adecuada tanto no trato cos demais equipos como co material.

12. A utilización adecuada das tecnoloxías da información e comunicación durante as actividades que se realicen no centro educativo así como o uso de teléfonos móbiles, aparatos de sonido e outros aparatos electrónicos alleos ao proceso de ensino-aprendizaxe.

1.3 CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA ESCOLAR E MEDIDAS DE CORRECCIÓN

O recoñecemento dos deberes citados atribuídos ós alumnos lévanos á tipificación dunha serie de faltas e sancións que poden ser aplicadas cando se produce o incumprimento dos mesmos. A estes efectos pode falarse de dous tipos de faltas: condutas leves contrarias á convivencia e condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

Condutas leves contrarias á convivencia

- a) As faltas inxustificadas de puntualidade. Considerarase unha conduta leve contraria á convivencia o incumprimento do horario de entrada en tres ocasións nun mesmo trimestre.
- b) As de non asistencia a clase tamén inxustificadas., segundo o recollido no protocolo de absentismo escolar.
- c) O deterioro non grave, causado intencionadamente, das dependencias do centro, do material ou dos obxectos ou pertenzas doutros membros da comunidade educativa.
- d) Calquera acto inxustifico que perturbe levemente o normal desenrolo das actividades do centro.
- e) O uso incorrecto do uniforme
- a) A realización de actos ou a introducción no centro de obxectos e substancias perigosas e ou prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación ós mesmos.

- b) A reiterada asistencia ó centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

Conduas gravemente prexudiciais á convivencia:

- a) Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensas gravemente prexudiciais contra os membros da comunidade educativa.
- b) A agresión física ou psíquica, as ameazas e coaccións gravemente prexudiciais contra os membros da mesma.
- c) As faltas tipificadas como levemente prexudiciais se se efectúan en conxunto e se lle fai publicidade intencionada.
- d) A incitación sistemática a actuacións prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa.
- e) A sustracción de bens particulares ou bens comúns en función das características da mesma.
- f) Abandono do recinto escolar sen autorización.
- g) Causar por uso indebido danos graves nas dependencias, material, documentos do centro ou nos obxectos que pertencen a outros membros da comunidade.
- h) Cometer tres faltas levemente prexudiciais nun mesmo curso académico.
- i) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a fiscalización ou sustracción de documentos académicos.
- j) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenrolo das actividades do centro.
- k) Cometer reiterada e sistematicamente condutas leves contrarias á convivencia nun mesmo curso académico.
- l) A acumulación de tres anotacións por mal comportamento no parte diario.

- m) A sustracción de bens particulares ou bens comúns en función das características da mesma.
- n) A grabación, manipulación ou difusión por calquer medio das imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, á dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e á propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

1.4 SANCIÓNS

Incorrer nalgunha das faltas mencionadas pode dar lugar a imposición de sancións, os actos dos alumnos que, sen chegar a acadar a consideración de falta leve, sexan incorrectos serán corrixidos polo profesor ou titor do curso.

· As sancións por faltas levemente prexudiciais serán aplicadas polo profesor/a correspondente ou o titor/a. Poden ser impostas algunhas das seguintes:

- a) Amoestación privada.
- b) Amoestación por escrito da que deixará constancia o xefe de estudos e que será comunicada ós pais.
- c) Comparecencia inmediata ante a persoa que exerza a Xefatura de Estudos.
- d) Perda do dereito á asistencia á primeira sesión de clase ás tres faltas de puntualidade no mesmo trimestre, aplicable a EP e ESO. En EI, non poderán incorporarse ó centro escolar ata as 9:30 h.
- e) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- f) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- g) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un periodo de ata dúas semanas.
- h) Cambio de grupo por un periodo de ata unha semana.
- i) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- j) Suspensión temporal do dereito de asistencia ó centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a

suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

- k) Reparación dos danos que causen individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia.
- l) Facerse cargo do custo económico da súa reparación no caso de que se teña producido intencionadamente ou por negligencia.

· As sancións por faltas gravemente prexudiciais para a convivencia poderán ser corrixidas con algunhas das seguintes medidas:

- a) Realización de tarefas que contribúan a reparación dos danos materiais causados ou á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro. Estas tarefas poderán realizarse en horario lectivo ou non lectivo.
- b) Suspensión do dereito de asistencia ó Centro ou a determinadas clases por un período entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- c) Cambio de centro baseado naquelas condutas que atentan contra a dignidade persoal dos membros da comunidade educativa e teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de creencias ou discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado mais vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas. Todo isto conlevará a aplicación das medidas correctoras establecidas no apartado b) e c). A medida de cambio de centro terá carácter excepcional.

1.5 Consideracións a ter en conta

O uso do teléfono móbil, MP3, MP4 ou outra tecnoloxía sen autorización. A calificación da falta, e en consecuencia, a sanción correspondente, quedará determinada polo uso que se lle tivera dado, en especial ós móbiles. No caso de difusión degradante da información recollida por este medio, a responsabilidade recaerá nos pais ou titores legais.

O colexio non se fará cargo da sustracción de móbiles, MP3, MP4, cámaras ou outros elementos tecnolóxicos cuxa utilización non fora autorizada.

Durante a celebración de actividades de portas abertas, o colexio resérvase o dereito de admisión para persoas alleas ao centro.

Na corrección dos incumprimentos deberase ter en conta o seguinte:

- a) Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumno/a.
- b) A imposición das correccións respectará a proporcionalidade coa conducta do alumno/a e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.

Circunstancias atenuantes:

Para a imposición de correccións teranse en conta as circunstancias nas que se cometeu a falta xa que o recoñecemento espontáneo da súa conducta incorrecta, a non intencionalidade, a reparación espontánea do dano causado, a presentación de excusas e non ter incumplido as normas de convivencia anteriormente, contribúen a atenuar a gravidade da falta.

Por outra parte pódense dar unha serie de circunstancias que acentúen a gravidade de dita falta, como:

- a) a premeditación e a reiteración
- b) o causar dano a nenos/as de menor idade
- c) a discriminación por razón de raza, sexo, capacidade económica ou por razóns físicas ou psíquicas, conviccións morais políticas ou relixiosas ou por calquera outra condición persoal ou circunstancia social.
- d) os actos realizados de forma colectiva que atenten contra os dereitos do resto da comunidade educativa
- e) o uso da violencia
- f) a publicidade de conductas contrarias ás normas de convivencia

- g) A incitación a calquera dos actos contemplados nos apartados anteriores B, C, D, E, F y G.

Compromisos educativos para a convivencia:

En todos os casos de condutas contrarias á convivencia, mesmo cando non haxa conciliación por non ser acatadas as desculpas pola persoa ou persoas prexudicadas.

1.6 Disposicións finais

PRIMEIRA: Facúltase á Comisión Pedagóxica para velar pola aplicación e interpretación deste Regulamento no que se refire a os alumnos.

SEGUNDA: O Claustro de profesores, a Xunta de Delegados ou o Observatorio da Convivencia poderán propoñer de forma razoada ante a Comisión de Convivencia do Centro, a revisión deste Regulamento cando o consideren pertinente.